

## **Instrución 2/2025, do 17 de marzo de 2025, da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, pola que se regula o rexistro de liñas de investigación e estratéxicas e a contratación de persoal investigador laboral con cargo a liñas**

### **PREÁMBULO**

O artigo 23 bis da Lei 14/2011 do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación regula o contrato de actividades científico-técnicas, cuxo obxecto é a realización de actividades vinculadas a liñas de investigación ou de servizos científico-técnicos, incluíndo a xestión científico-técnica destas liñas. A duración destes contratos será indefinida.

O artigo 4 do Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo VI para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento (aprobado en Consello de Goberno de 5 de xuño de 2024) define as liñas de investigación ou estratéxicas ao tempo que crea o seu rexistro e remite a unha regulación posterior de desenvolvemento o funcionamento da sistemática de contratación adscrita á liña.

Esta instrución regula tanto a creación e funcionamento do rexistro como a contratación con cargo a liñas, que se configura como unha posibilidade naqueles casos en que varios proxectos, integrantes dunha liña, coincidan no seu obxecto (tarefas a realizar) e requiran dunha realización temporal sucesiva.

### **Artigo 1. Liña de investigación ou estratéxica**

Ten a consideración de liña de investigación ou estratéxica (en diante, liña):

- a) o conxunto de coñecementos, produtos, proxectos ou servizos construídos de forma sistemática ao redor dun eixo temático no que conflúen as actividades desenvolvidas por un ou varios grupos de investigación;
- b) os proxectos estratéxicos postos en marcha polas vicerreitorías nos centros de investigación, campus de especialización ou institutos de investigación da UDC;
- c) os convenios de apoio a I+D+i orientados ao desenvolvemento e a xestión da investigación e a innovación.

### **Artigo 2. Rexistro de liñas**

Na vicerreitoría con competencias en investigación crearase un rexistro de liñas de investigación ou estratéxicas no que figurarán as liñas activas e o financiamento asociado, así como un histórico de liñas eliminadas.

Este rexistro será xestionado polo Equipo de Xestión da Investigación (EXI), que tamén será responsable da súa actualización.

O rexistro será público e accesible desde a páxina web do EXI, e conterá cando menos a seguinte información:

- a) denominación da liña de investigación;
- b) código ou referencia dos proxectos, convenios ou axudas dependentes de cada liña;
- c) denominación dos proxectos, convenios ou axudas dependentes de cada liña;
- d) investigadores principais dos proxectos, convenios ou axudas;
- e) data de creación da liña de investigación;
- f) data de adscrición ou desadscrición dos proxectos, convenios ou axudas a cada liña.

### **Artigo 3. Creación, modificación e eliminación das liñas**

1. A proposta de creación, modificación ou eliminación dunha liña levarase a cabo a instancia da/s persoa/s que actúen como investigadoras principais dos proxectos, axudas e/ou convenios que están asociadas á liña, mediante solicitude motivada dirixida ao EXI (Anexo I). As solicitudes serán aprobadas, se for o caso, polo/a vicerreitor/a con competencias en investigación.

2. As liñas vinculadas a proxectos estratéxicos crearanse, modificaranse ou eliminaranse polo/a vicerreitor/a con competencias en investigación, que o comunicará para a súa constancia ao EXI.

### **Artigo 4. Adscrición de fontes de financiación a una liña**

Só poden vincularse a unha liña fondos públicos ou privados provenientes de fontes de financiamento externo ou alleo á UDC. Terán esta consideración as fontes de financiamento xestionadas pola UDC provenientes de:

- a) os proxectos de investigación;
- b) os contratos regulados no artigo 60 da LOSU;
- c) os convenios ou acordos de colaboración para o financiamento da investigación con entidades ou organismos públicos ou privados;
- d) os Recursos de Libre Disposición (RLDs) de proxectos de investigación internacionais;
- e) os custos indirectos;
- f) calquera outra vía de financiamento externo finalista, para o financiamento da investigación, non incluído nas anteriores e que permita a contratación de persoal investigador ou científico técnico.

A proposta de adscrición dun proxecto, axuda ou convenio a unha liña realizarase a instancia do/a investigador/a principal, mediante solicitude motivada dirixida ao EXI (Anexo II), que deberá incluír: título, referencia, nome do/a investigador/a principal e xustificación da adscrición do proxecto/convenio/axuda á liña. A solicitude será aprobada, de ser o caso, polo/a vicerreitor/a con competencias en investigación.

A proposta de adscrición dun proxecto aos proxectos estratéxicos realizarase polo/a vicerreitor/a con competencias en investigación, que o comunicará para a súa constancia ao EXI.

## **Artigo 5. Contratación indefinida dentro dunha liña**

Con carácter previo á solicitude de contratación dentro dunha liña, o EXI certificará a existencia de crédito axeitado e suficiente para sustentar o custe do contrato. No Anexo III de convocatoria de contratación débese establecer a liña con cargo á cal se pretende financiar a contratación.

Para facilitar a trazabilidade da financiación das contratacións realizadas con cargo a liñas, cara tamén á xustificación das respectivas axudas, débese incluír na memoria de contratación un cronograma de tarefas asociado ao financiamento de cada contrato (Anexo III).

Unha vez establecida a liña á que se imputa a contratación, o proceso de contratación rexerese polo establecido no Regulamento de contratación de persoal laboral de capítulo VI para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia do coñecemento aprobado polo Consello de Goberno o 5 de xuño de 2024.

Os contratos formalizados con cargo a unha liña poderán pasar a ser financiados con cargo a outro proxecto, axuda ou convenio da mesma liña, sempre que as tarefas a desenvolver non varíen e se conte con financiación suficiente. O/a investigador/a principal debe comunicar ao EXI a intención de continuar a financiar a contratación mediante a presentación dun novo cronograma de tarefas, cunha antelación mínima de 30 días.

### **Disposición final. Entrada en vigor**

Esta instrución entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia

Jerónimo Puertas Agudo



## ANEXO I - SOLICITUDE DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN OU ELIMINACIÓN DE LIÑA DE INVESTIGACIÓN

INVESTIGADORES/AS PRINCIPAIS

LIÑA DE INVESTIGACIÓN

MOTIVACIÓN DA CREACIÓN, MODIFICACIÓN OU ELIMINACIÓN DA LIÑA

A Coruña/Ferrol, na data da sinatura dixital  
Investigador/es principal/is



## ANEXO II - SOLICITUDE DE ADSCRICIÓN OU DESADSCRICIÓN A UNHA LIÑA DE INVESTIGACIÓN

INVESTIGADOR/ES PRINCIPAL/IS

--

PROXECTO, AXUDA OU CONVENIO

Referencia			
Nome			
Convocatoria			
Data inicio		Data fin	

LIÑA DE INVESTIGACIÓN

--

MOTIVACIÓN DA ADSCRICIÓN OU DESADSCRICIÓN

--

A Coruña/Ferrol, na data da sinatura dixital  
Investigador/es principal/is

### ANEXO III - CRONOGRAMA DE FUNCIÓNS PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR LABORAL POR LIÑAS DE INVESTIGACIÓN E ESTRATÉXICAS

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN	2025/CP/xxxx
PROXECTO, AXUDA OU CONVENIO (Referencia e nome)	
INVESTIGADOR/ES PRINCIPAL/IS	
TEMPO ESTIMADO DE REALIZACIÓN DAS FUNCIÓNS	

FUNCIÓN	Data de inicio	Data de fin	DURACIÓN

A Coruña/Ferrol, na data da sinatura dixital

Firman VIT e IP